

CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
DATA 27 de decembro de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

VOGAIS

DONA PAOLA MARÍA MOCHALES

DNA. ANA GRANJA GUILLÁN

TÉCNICO

D. XOAN X. RODRÍGUEZ CUIÑA

D. EMILIO PUMAR DURAN

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:00 do día 27 de decembro de 2017 reúnense en primeira convocatoria os/as membros do Consello da Xerencia de Urbanismo que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de levar a cabo a sesión.

comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta das actas das sesións anteriores, de data 29 de novembro e 13 de decembro de 2017, que se aprobaron por unanimidade.

VISTOS OS INFORMES OBRANTES NOS EXPEDIENTES ACÓRDASE INFORMAR AS SEGUINTE SOLICITUDES:

LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACION

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Diego Negro Rodríguez, para licenza de primeira ocupación da vivenda sita na Rúa Cerdeira s/n – Cornazo (Ref. Cat. 0344406NH2104S0001MT), de conformidade co certificado final de obra de data 23/10/2017.

Infórmase favorablemente, tamén, as acometidas ás redes municipais de auga e saneamento da devandita vivenda, baixo as seguintes condicións:

CONEXIÓN REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarse a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarse na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalacion do contador de auga disporase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para lectura e comprobación do servizo.

CONEXIÓN REDE DE SANEAMENTO

- De concederse a licenza para a súa execución, o punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.(sr Diego teléf. 670.50.79.38).

- A conexión realizarase a pozo de rexistro.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública , disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- O ramal de acometida será de tubo de PVC mínimo de Ø 160 mm. (Exp. 572/13)

COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS MENORES

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Santiago Lorenzo Ordoñez, para arranxo de carpintería exterior e baño en vivenda situada no edificio sito na Rúa Juan Fco. Fontán nº 9-6º A (Ref. Cat. 9363801NH1196S0022UO).

- Xa que se trata dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contar coa autorización da comunidade de propietarios.
- Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.
- As instalacións a substituír ou modificar deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 708/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Félix Rebollo Álvarez en representación de NAUTALIA VIAJES S.L., para adecuación de local para axencia de viaxes na Rúa Arcebispo Andrade nº 2 Bx. (Ref. Cat. 9360006NH1196S0002FK).

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de nova actividade económica, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 732/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. Pilar Martínez Alcalde, para reposición de cerre de parcela na Rúa do Porto nº 8 – A Torre (Ref. Cat. 0365902NH2106N0001DI).

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 740/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Juan Antonio Gándara González, para adecentamento de fachada e cano de recollida de augas no inmobile sito na Pza. Ravella nº 20 (Ref. Cat. 9463014NH1196S0001LJ)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervenientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 750/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Xosé Ameneiro Piña para reforma de baño existente en vivenda sita na Avda. Rosalía de Castro nº 113-5º B (Ref. Cat. 9077202NH1197N0042HO)

As instalacións a substituír ou modificar de fontanería e electricidade deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle Que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 753/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por dna. Raquel Riveiro Estévez en representación de COM.PROP. PLAZA INDEPENDENCIA 6, para impermeabilización de balcón en edificio de vivendas sito na Pza. Independencia nº 6 (Ref. Cat. 9459001NH1195N).

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervenientes na obra, nas obras maiores.

As estadas cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As torres de traballo móbiles cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización

polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun Plan de Montaxe, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, debendo repoñer, en calquer caso, as posibles roturas sobre a vía pública.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 756/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Antonio Caeiro Rodríguez para adecuación de local para oficinas na Pza. Ravella nº 27-1º (Ref. Cat. 9463008NH1196S0002HK).

Unha vez rematadas as obras, se se pretende inicio de nova actividade económica, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 757/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por d. Jorge Pérez Bustelo, para reforma de cociña en vivenda sita na Pza. Independencia nº 6-3º C (Ref. Cat. 9459001NH1195N0013WQ).

Respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos. As instalacións a substituír ou modificar de fontanería deberán ser realizadas por instaladores autorizados.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expe. 769/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por Dna. M^a de los Reyes Rionegro López, para cambio de ventás en piso sito na Rúa Vista Alegre nº 13-3º B (Ref. Cat. 9056114NH1195N0013ZQ).

Xa que se trata dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contar coa autorización da comunidade de propietarios.

respectaranse os elementos comúns do inmovible segundo a Lei de Propiedade Horizontal e tomaranse as medidas precisas para evitar que os ruidos emitidos con motivo das obras excedan dos niveis acústicos que fixa a Normativa actual sobre ruidos.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 772/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por dna. Beatriz Pesado Muñiz, para cerramento de balcón con galería acristalada na vivenda sita na rúa Emilia Pardo Bazán nº 6-3º B (Ref. Cat. 8753011NH1185S0047MU), baixo as seguintes prescricións:

O peche de terraza tipo galería debe deixar practicables para ventilación de pezas vivideiras en proporción de 1/6 da superficie útil das que ventilen a través da mesma, non podendo sobrepasar a liña de fachada do edificio.

Xa que se trata dun elemento común (fachada) que afecta á estética do conxunto da fachada deberá respectar a composición e cores da carpintería existente, así como contará coa autorización da comunidade de propietarios.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 779/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. Juan Manuel Otero Pino en representación de COM. PROP. GARDENIAS BLOQUE 2, para reparación de fachada medianeira e patio no edificio de vivendas sito na Rúa Asturias nº 1-3, rúa Catoira nº 2-4 e Rúa Daniel Espiño nº 3 (Ref. Cat. 0761019NH2106S)

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997. A responsabilidade do cumprimento das normas de montaxe e medidas de protección a adoptar para salvagardar os usuarios e instalacións da vía pública compete unicamente ó contratista, nas obras menores, ou ós axentes intervinientes na obra, nas obras maiores.

As **estadas** cumprirán as Normas UNE-EN 12810-1:2005, 12810-2:2005 e 12811-1:2005, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 669 e 670. As **torres de traballo móbiles** cumprirán a Norma UNE-EN 1004:2006, en consonancia coas Notas Técnicas de Prevención 695 e 696. En calquera dos casos terase en conta o indicado no RD 1215/1997 sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (modificado polo RD 2177/2004), debendo contar cun **Plan de Montaxe**, utilización e desmontaxe elaborado por técnico competente, en función da complexidade da instalación temporal (estadas ou torres móbiles), segundo o Real Decreto.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública, se a houbese, axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico en función das características do tráfico da rúa, **debendo repoñer**, en calquer caso, as **posibles roturas sobre a vía pública**.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 780/17)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. M^a Jesús Rolán Villaverde, de desestimento ó expediente 415/17 de comunicación previa para obras de saneamento e mantemento interior de vivenda na Rúa Conde Vellellano nº 13 – 4º, procedendo o arquivo do mesmo ao existir en tramitación expediente de licenza urbanística co nº 648/17.

Dése conta ó Departamento de Rendas ós efectos do que proceda en relación coa Taxa de Licenza Urbanística e ICIO abonados. (Exp. 415/17)

Informar favorablemente a comunicación previa e documentación adxunta presentada por D. José Ribas Estévez en representación de RESTAURANTES DEL FRANCO S.L., para peche de ocos existentes na Avda.da Mariña nº 16 Bx. (Ref. Cat. 9161502NH1196S0002LK).

Unha vez rematadas as obras, posto que se modifica a actividade económica inicial, realizará a tramitación correspondente, de conformidade co artigo 24.2 da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A maquinaria, medios auxiliares e de seguridade precisos para a execución dos traballos cumprirán as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas obras de construción R.D. 1627/1997.

Os cascallos procedentes das obras levaranse a un punto limpo dos autorizados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A ocupación de vía pública (se a houbese) axustarase ás condicións que lle fixen os Servizos de Tráfico, en función das características do tráfico da rúa.

Comunicaselle que as obras remataranse no prazo máximo dun ano. (Expte. 616/17)

LICENZAS DE OBRAS MENORES

Informar favorablemente a solicitude de D. Juan Luis Pernas Novo, para legalización de obras executadas en local comercial sito na Rúa Arcebispo Xelmirez nº 1 bx. 4 (Ref. Cat. 9559801NH1196S0004BB) (Expte. 747/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Manuel Pazos Abalo, para acometida á rede de saneamento na Rúa do Souto nº 9 – Cornazo, baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego teléf. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e vixilancia.
- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de PVC de Ø 160 mm como mínimo.
- Repoñeranse tódolos servizos municipais afectados o seu estado inicial.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, disporase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas.
- A fianza de 200 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada pola acometida quedda en perfectas condicións de uso, devolveráse unha vez comprobado este extremo. (Expte. 709/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Luis Abalo Fontenla, para acometida á rede municipal de auga na vivenda sita no Cmño. Borrizos nº 33 – Cornazo (Ref. Cat. 9939312NH193N0001DR), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo do Concello (Diego teléf. 670.507.938), co que o interesado convirá o momento da súa execución, que realizará baixo a súa inspección e vixilancia.

- A conexión realizarase a pozo de rexistro e o ramal de acometida será con tubo de PVC de \varnothing 160 mm como mínimo.
- Repoñeranse tódolos servizos municipais afectados o seu estado inicial.
- Xunto á fachada do edificio, e construída sempre en vía pública, dispórase de arqueta de rexistro de ladrillo macizo de 1/2 pé, revestido interiormente, de medidas interiores 60 x 60 con emboquillado de 50 x 50 e tapa de rexistro de fundición destas medidas. (Exp. 733/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Jesús Manuel Rodríguez Barreiro, para acometida á rede municipal de auga para servizo de obra na Rúa Brugueira – Sobrán (Ref. Cat. 8143413NH1184S), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50 x 50 x 40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40 x 40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable fóra da obra, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo.
- O uso da auga será exclusivamente para as necesidades da construción da obra, sen que poida destinar, baixo ningún concepto, a outros usos. (Expte. 761/17)

Informar favorablemente a solicitude de Dna. Eva María Abalo López, para acometida á rede municipal de auga na vivenda sita na Rúa Pereiro de Vilar nº 16 – Bamio (Ref. Cat. 9392433NH1199D0001UX), baixo as seguintes condicións:

- O punto de toma fixarao o persoal do servizo, co que o solicitante convirá o momento da súa execución, que realizará dito persoal e baixo a súa inspección e vixilancia.
- A arqueta de acometida será de ladrillo oco dobre de 1/2 pé de espesor, revestido interiormente, de dimensións interiores 50x50x40 cms., con tapa rexistro de fundición de 40x40 cms., e no seu interior colocarase a chave xeral de corte. Esta arqueta colocarase na beirarrúa fronte á finca que solicite a toma.
- Para a instalación do contador de auga dispórase de lugar con tapa rexistrable no exterior, de doado acceso para a lectura e comprobación do servizo. (Expte. 763/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Alfredo Longo Goldar, para instalación de dúas entradas de carruaxess na Rúa Pedroso nº 65 Bx. Dta. E Esda., debendo executar o paso sobre a beirarrúa baixo as seguintes condicións:

1ª.- Nos laterais, o bordo de beirarrúa rematarase en curva de 90º, ata o punto de enlace da cota superior do mesmo coa rasante da beirarrúa.

2º.- A zona comprendida entre pavimento de calzada e punto onde o bordo curvo alcanza a rasante da beirarrúa, executarase en rampla con 15 cm. de grosor de formigón HM-20.

3º.- A zona comprendida entre a rampla e liña de portal executarase con 15 cm. de formigón HM-20, deixándoa acabada a rasante da beirarrúa actual.

4º.- Nos laterais do paso executado en formigón, suprimirase a lousa de cemento que forma o pavimento de beirarrúa nun ancho de 60 cm. e fondo o da beirarrúa, substituíndoa por plaqueta de piñonciño de 30 x 30, asentada con morteiro de cemento e arrexuntándoa.

Comunícaselle que deberá pasar polo Negociado de Rendas a efectos de facturar o importe das placas, para a súa posterior retirada na Portería do Concello.

Comunícaselle que as obras autorizadas deberán executarse nos seguintes prazos, a contar dende a notificación do presente acordo:

- Prazo para iniciación: 4 meses.

- Prazo para a finalización: 1 ano. (Exp. 686/17).

Informar favorablemente a solicitude de D. José Luis Pérez Alarcón en representación de GAS GALICIA, SDG S.A., para obras de ampliación na rede de canalización de gas na Avda. de Cambados nº 77, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Para a execución da obra e calidade dos materiais, aplicarase o disposto no Prego de Prescripcóns Técnicas Xerais para obras de carreteras e portos (PG-3.)
5. O titular da autorización está obrigado a repoñer, ao seu cargo, os elementos e demais servizos que resulten afectados pola obra, restituíndo as anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto, de acordo coas directrices e criterios dos Servizos Técnicos Municipais.
6. **Reposicions**
Deberá cumprirse estritamente o establecido na autorización sectorial emitida pola AXI dependente do C.I.V. (EXPTE IF205I 2017/00015-4)
7. **Autorizacións Sectoriais**
Deberá cumprirse estritamente o establecido na autorización sectorial emitida pola AXI dependente do C.I.V. (EXPTE IF205I 2017/00015-4)
8. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
9. As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.
10. As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.
11. As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conducións dos servizos existentes ou de futura construción.

12. A apertura das gabias nos cruces das calzada farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mezcla bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.
13. Non poderá depositarse na zona de dominio público, materiais ou escombros de natureza algunha, nin estacionar maquinaria na mesma.
14. O Pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.
15. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
16. A fianza de 2.000 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada pola acometida quedda en perfectas condicións de uso, devolveráse unha vez comprobado este extremo. (Expte. 119/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Fernando Val López en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., para obras de ampliación na rede eléctrica (Nº SDG 248317060119), na Rúa do Souto nº 6 – Cornazo, baixo as seguintes condicións:

1. Antes do inicio dos traballos, realizarase previamente un replanteo dos mesmos cos servizos técnicos municipais, coa localización dos servizos municipais afectados polas obras. (Sr Diego Teléf. 670 507 938).
2. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal técnico do Concello de Vilagarcía de Arousa. Co obxecto de poder comprobar o estado das redes de servizos municipais soterrados afectados polas obras e - **unha vez executada a canalización e antes de tapar a gabia** - , solicitarase a inspección dos servizos técnicos municipais para que poidan proceder a súa inspección.
3. Previo o inicio das obras, o interesado deberá solicitar as distintas compañías, unha relación de servizos afectados na zona do ámbito de actuación.
4. Para a execución da obra e calidade dos materiais, aplicarase o disposto no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de carreteras e portos (PG-3.)
5. **Reposicións**
GABIA TRANSVERSAL
Para a reposición da gabia transversal do vial afectado, deberá procederse o fresado **Da gabia e 2 m a cada extremo**, realizando a posterior reposición da zona afectada con mestura bituminosa en quente tipo AC 16 SUF 50/70 D con espesor mínimo de 5 cm, incluso rego de adherencia, estendido e compactado, respetando a rasante do vial existente, previa preparación da base e sub-base da gabia nas mesmas condicións que as existentes.
6. O solicitante adoptará o seu cargo e durante a execución das obras, as medidas de protección individuais e colectivas necesarias para garantir o cumprimento das normas de seguridade e saúde na fase de execución, acordo co R.D. 1627/1997.
7. As canalizacións deberán gardar as distancias de seguridade necesarias con outros servizos existentes, de acordo coa normativa vixente.
8. As obras manteranse en todo intre valadas e debidamente sinalizadas e durante as horas nocturnas deberá instalarse sinalización luminosa.

9. As arquetas e rexistros quedarán situados de forma que non impidan o paso de conducións dos servizos existentes ou de futura construción.
10. A apertura das gabias nos cruces das calzadas farase en dúas partes da sección transversal de xeito que en ningún intre se poida interromper o tránsito tanto de vehículos como de peóns. Cando o firme da estrada sexa de mezcla bituminosa en quente, antes de facer a apertura da gabia, cortaranse os bordes da capa de aglomerado cunha serra circular.
11. Non poderá depositarse na zona de dominio público, materiais ou escombros de natureza algunha, nin estacionar maquinaria na mesma.
12. O Pavimento do viario público deberá manterse en todo momento limpo de cascallos, terra ou materiais alleos á mesma.
13. No caso que, polo Concello de Vilagarcía de Arousa, fose preciso realizar calquera tipo de obra no dominio público municipal e resultase afectada a obra e/ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta do solicitante o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Organismo titular do dominio público, sen que isto supoña ningún custo para o Concello.
14. A fianza de 500 € depositada para garantir que a zona de vía pública afectada pola acometida quedda en perfectas condicións de uso, devolveráse unha vez comprobado este extremo. (Expte. 656/17)

LICENZAS DE SEGREGACIONES

Visto escrito de D. Jaime Rodrigo Poch, co fin de regularizar a cesión ó Concello dos terreos afectados por aliñacións da finca sita na Rúa Cubela s/n – Cornazo de Abaixo, o Consello da Xerencia informa favorablemente a segregación de 243,80 m² da súa propiedade, de conformidade coa documentación achegada e documento de cesión asinado coa data de 8 de maio de 2014, aceptando dita cesión, ós efectos de proceer á súa inscrición a favor do Concello no Rexistro da Propiedade.

LICENZAS DE OBRAS MAIORES

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. José Ramón Gutierrez Arias para legalización das obras de adecuación de local e cambio de escaparate na Rúa Nicolás Viqueira Conde nº 7 bx. – Carril, de conformidade coa documentación técnica asinada polo Arquitecto D. Carlos Berride Abalo.

- Deberá achegar Ficha de Estatística da Vivenda e da Edificación, xa que non consta no expediente.
- No caso de que se cumpran alguna das condicións que fixa o Real Decreto 1627/1997, o promotor deberá nomear coordinador de Seguridade e saúde en fase de execución.
- Unha vez legalizadas as obras, achegarase comunicación previa para a apertura do establecemento, que se acompañará da documentación esixida para o funcionamento da actividade. (Expte. 767/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por Dña. M^a Isabel Martínez Castro, para acondicionamento de local para oficina, na Avda. Rosalía de Castro 175 baixo, esquina Rúa Nicolás Viqueira Conde, de conformidade co proxecto asinado pola Arquitecta Dña. M^a Lydia Fernández Do Campo, visado coa data de 06/11/2017.

- Non consta no expediente_Ficha de Estatística da Vivenda e da Edificación, polo que con carácter previo ao inicio das obras deberá proceder a súa presentación.
- No caso de que se cumpran algunha das condicións que fixa o Real Decreto 1627/1997, o promotor deberá nomear coordinador de Seguridade e saúde en fase de execución.
- Rematadas as obras de acondicionamento do local, achegarse comunicación previa para apertura do establecemento de conformidade co indicado nos artigos 23 e ss. da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016). (Exp. 700/17)

Informar favorablemente a solicitude de D. Alberto Grisaleña Larrea, vistos os informes técnico e xurídico, para construción vivenda unifamiliar, no lugar de Rúa Outeiro - Bamio, de conformidade co proxecto básico do Arquitecto D. Juan Antonio Villanueva Ruiz, documentación complementaria achegada e documento de cesión dos terreos afectados pola traza viaria para a súa incorporación á vía pública. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: NP2
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 6,50 m; 80%
4. Orzamento de execución material: 68.905,40 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: (0399816NH2109N0001ED e 0399836NH2109N0001FD)
6. Técnicos directores das obras:
 Arquitecto D. Juan Antonio Villanueva Ruiz
 Director das obras D. Juan Antonio Villanueva Ruiz.

Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.

Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse:

- Proxecto de execución asinado por técnico competente e debidamente visado.
- Estudio de Seguridade e Saúde.
- Oficio de dirección de execución das obras e de coordinador de seguridade e saúde.
- Folla de estatística da edificación e vivenda.

Non consta abono do ICIO polo que deberá darse traslado ao Departamento de Rendas aos efectos oportunos. (Exp. 494/17)

Informar favorablemente a solicitude presentada por D. Pablo Chaves Montenegro, para ampliación e reforma de vivenda unifamiliar na Rúa Pío XII nº 17, de conformidade co proxecto básico e de execución asinado polo Arquitecto D. Alfredo Rojas Temprado, visado coa data de 30/11/2017 e documento de cesión dos terreos afectados pola traza viaria para a súa incorporación á vía pública. En aplicación do Artº 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo Urbano, R-2 2º grado
2. Finalidade da actuación e uso a que se destinará: vivenda unifamiliar
3. Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos: 7,10; 70%
4. Orzamento de execución material: 77.100,00 €
5. Referencia catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito: 9152419NH1195S0001KM
6. Técnicos directores das obras: Arquitecto D. Alfredo Rojas Temprado
Arquitecto Técnico D. Jorge Torres Blanco
Director das obras D. Alfredo Rojas Temprado
7. Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo máximo de SEIS MESES a partir da comunicación da concesión da licenza e o prazo de terminación das mesmas será de tres anos a partir da mesma data (Artigo 145 da Lei 2/2016), coa posibilidade de solicitar prórrogas de conformidade co disposto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
8. Deberá instalarse o cartel de obras correspondente, conforme ao modelo oficial do Concello.
9. No caso de que se cumpran algunha das condicións que fixa o Real Decreto 1627/1997, o promotor deberá nomear coordinador de Seguridade e Saúde en fase de execución.
10. De precisar ocupación de dominio público deberá solicitar a correspondente autorización e aboar a taxa correspondente.

Dése conta ao Departamento de rendas ós efectos de facturación do ICIO, xa que non consta no expediente. (Exp. 582/17)

Dáse conta do proxecto de execución presentado por Dna. María Dorgambide Avilés, para construción de vivenda unifamiliar na Rúa Brugueira – Sobrán (Ref. Cat. 8143413NH118450001DN), redactado pola Arquitecta Dna. Beatriz Abel Pazos, visado coa data 28/11/2017, xunto coa documentación achegada e que foi solicitada por Resolución de Alcaldía de data 17/11/2017..

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo dá a súa conformidade ao devandito proxecto de execución e documentación adxunta. (Expte. 207/17)

Dáse conta da solicitude de licenza presentada por D. José Antonio Fernández Bouzas en representación do PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE ILLAS ATLÁNTICAS, para mellora de infraestruturas para a defensa, xestión e posta en valor do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas na Illa de Cortegada, de conformidade co proxecto asinado pola Enxeñeira de Montes Dña. Carmen Quiñones Estévez, e visto o informe xurídico emitido na data 20/12/2017 no que se indica:

“

III- Fundamentos xurídicos.

1. NORMATIVA ESPECIFICA PARA A OBRA EN CUESTIÓN:

O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, sinala: “A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ó control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Estarán suxeitos a previa licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que fosen procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) os actos de edificación e uso do solo e subsolo que, con arreglo á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación”

O artigo 143.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro establece que “As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións haberá de acompañarselles proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e contido que se determine regulamentariamente”.

2. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO:

Con ocasión da presente solicitude de licenza de obras ao abeiro do sinalado no artigo 142 e ss. da Lei 2/2016 do solo de Galicia, e concordantes do Regulamento da devandita lei, é necesario recordar o informe emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo obrante no expediente administrativo no que se indica:

“Non obstante o anterior, o artigo 1.1 da Lei 15/2002, de 1 de xullo, considera a conservación do parque de interese xeral da nación, de xeito que calquera actuación dedicada a tal fin non se atoparía suxeita a licenza municipal, de conformidade co sinalado na Disposición Adicional 3ª da Lei 13/2003, de 23 de maio, seguindo sempre o procedemento disposto nesta.”

A lei 15/2002, de 1 de xullo, establece no seu artigo 1.1º:

“Se declara el Parque Nacional marítimo-terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia, **considerándose su conservación de interés general de la Nación**, y se integra en la red de parques nacionales de acuerdo con lo previsto en el artículo 22 de la Ley 4/1989, de 27 de marzo, de conservación de los espacios naturales y de la flora y fauna silvestres.”

Pola súa banda a Disposición Terceira da lei 13/2003, pola que se regula o contrato de concesión de obra pública, sinala

Construcción de las obras públicas de interés general.

1. Los proyectos de obras públicas de interés general se remitirán a la Administración urbanística competente, al objeto de que informe sobre la adaptación de dichos proyectos al planeamiento urbanístico que resulte de aplicación. Este informe se emitirá en el plazo de un mes, pasado el cual se entenderá evacuado en sentido favorable.

2. En el supuesto de que tales obras vayan a construirse sobre terrenos no reservados por el planeamiento urbanístico, y siempre que no sea posible resolver las eventuales discrepancias mediante acuerdo, de conformidad con la normativa de aplicación, la decisión estatal respecto a la ejecución del proyecto prevalecerá sobre el planeamiento urbanístico, cuyo contenido deberá acomodarse a las determinaciones de aquélla.

3. La construcción, modificación y ampliación de las obras públicas de interés general no estarán sometidas a licencia o a cualquier

otro acto de control preventivo municipal, siempre que se siga lo previsto en el apartado 1 de esta disposición.

4. No procederá la suspensión de la ejecución de las obras públicas de interés general por los órganos urbanísticos cuando éstas se realicen en cumplimiento de los planes y proyectos de obras aprobados por los órganos competentes por el procedimiento establecido o se trate de obras de emergencia.

En base ao anteriormente sinalado, considera a que suscribe que no presente caso a actuación non queda suxeita a licenza de obra, se ben é necesario que se siga o procedemento previsto na Disposición Adicional 3ª da Lei 13/2003, de 23 de maio, de conformidade co indicado no informe emitido en data 21.12.2015 pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

*Considerase que, a pesares de non estar suxeita a licenza por ser unha actuación de interese xeral da Nación a conservación da illa, non exime da obtención das autorizacións sectoriais necesarias, polo que deberá solicitarse a preceptiva autorización do órgano competente en materia de **Costas**, e de **Patrimonio Cultural**, así como a **autorización urbanística autonómica** polo procedemento sinalado no artigo 41 da LOUG (normativa vixente ao momento de inicio do expediente administrativo), de conformidade co indicado no informe emitido en data 21.12.2015 pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.*

*Asemade, e de conformidade co indicado no informe emitido pola Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación ambiental de data 9.12.2015 o promotor **deberá elaborar o documento ambiental** cuxo contido se establece no artigo 45 da Lei 21/2013.*

Este é o meu leal saber e entender sen prexuízo de outro mellor fundado en dereito. No obstante o órgano competente decidirá o que estime oportuno.”

O Consello da Xerencia queda sabedor e acordda dar traslado ao Parque Nacional Marítimo Terrestre Illas Altánticas da innecesariedade da licenza municipal en base ao indicado na Disposición Terceira da Lei 13/2013, de 23 de maio, e no informe emitido pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, do que se adxunta copia.

Advírtese que a pesares de non estar suxeitas a licenza municipal as obras citadas, eso no exime da obtención por parte do Parque Nacional Marítimo Terrestre Illas Altánticas das preceptivas autorizacións sectoriais, caso da autorización de Costas, Patrimonio Cultural, autorización urbanística autonómica polo procedemento sinalado no artigo 41 da LOUG, vixente ao momento de inicio do expediente administrativo, así como a necesidade de elaborar o documento ambiental segundo o informe emitido pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 09/12/2015. (Expte. 482/15)

LICENZAS DE ACTIVIDADES/APERTURAS

Informar favorablemente a comunicación previa de apertura de establecemento e documentación adxunta presentada por D. Florentino Cacheda López en representación de FLORENTINO COLECCIÓN S.L., para o inicio e exercicio da actividade de comercio polo miúdo de toda clase de peza para vestido e toucado na Rúa Covadonga nº 5 Bx. porta 1. (Expte. ACTINOC/2017/79)

Informar favorablemente o desestimento da comunicación previa para apertura da actividade de peixería e ampliación para com. miúdo de froitas e verduras na Avda. Rosalía de Castro, 200-baixo A, a nome de Dna. Evelin Johanna Triviño Bolaños, de conformidade co informe da policía local de data 14/12/2017 no que dí que atópase pechado ao público e co cartel de que se aluga...
Procede asemade o arquivo do citado expediente ACTINOC/2017/000065 .

Informar favorablemente a licenza de apertura presentada por D. Fausto García Rey en representación de B.A.T.A. BAYON ASOC. TRATAMIENTO AUTISMO, para escola de persoas con autismo na Rúa Almirante Fontan (As Saiñas – vilaxoán) e que se extenda título acreditativo da mesma pola secretaría do Concello. (Expte. 2008/66)

Informar favorablemente o desestimento da comunicación previa de apertura de establecemento – cambio de titularidade e ampliación actividade para café bar na Rúa Luchana nº 1 – Carril, a nome de MILUPLAZA S.L., de conformidade co informe da policía local de data 14/12/2017 no que dí que atópase pechado ao público.
Procede asemade o arquivo do citado expediente ACTCLA/2017/47

Informar favorablemente a solicitude de desestimento presentado por D. Francisco Alfredo Vallejo García en representación de ORANGE ESPAGNE S.A., á tramitación da comunicación previa de inicio de actividade da estación base de telefonía mobil na rúa Xesteira – Sobradelo – Polígono 31 – Parcela 710, declarando concluso o procedemento e se proceda ao arquivo do expediente ACTCLA/2017/63-ANTENA

ASUNTOS VARIOS

Dáse conta da Resolución de data 29 de novembro do 2017 de Augas de Galicia reativa a usos privativos por disposición legal, recoñecemento do dereito e inscrición no rexistro de augas, a favor de D. Guillermo Manuel Penide Lorenzo. (clave: DH.B36.57545).
O Consello da Xerencia queda sabedor.

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:15 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.